

RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE MAIO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DOS CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA PARA O ANO 2024 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Por resolución reitoral do 2 de maio de 2024 publícase a relación definitiva de solicitudes concedidas para organizar no campus de Pontevedra cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2024, ao abeiro da convocatoria de 13 de marzo de 2024 de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2024.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría RESOLVE:

Aprobar a publicación da oferta de cursos de Extensión universitaria do ano 2024 para o campus de Pontevedra que figuran no Anexo.

O prazo de matrícula comeza o 9 de maio de 2024.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.o.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 31/10/2023 (DOG do 10 de novembro)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO

CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DO ANO 2024 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Título do curso	Duración total do curso (horas)	Créditos ECTS	Prezo de matrícula completa	Nº mínimo prazas (70% do máximo)	Nº máximo prazas	Lugar de celebración	Datas da celebración
Residuos, tinguidos e retal. Práctica artística sostible	30	1	40,00€	14	20	Fundación RAC de Pontevedra	Do 20 de setembro ao 11 de outubro de 2024
Creación téxtil. Feltro e texturas	30	1	100,00€	14	20	Facultade de Belas Artes. Aula téxtil	Do 21 ao 25 de outubro de 2024
Profesionalización e sustentabilidade no ámbito artístico	30	1	50,00€	17	25	Casa das Campás de Pontevedra	Do 8 ao 18 de xullo de 2024
Rakú: cerámica ao lume vivo	32	1,07	40,00€	16	23	Facultade de Belas Artes, Aula 04	Do 21 de xuño ao 12 de xullo de 2024
Adestramento no alto nivel e formación no Fútbol. Avances e aplicacións prácticas	40	1,33	50,00€	35	50	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Do 24 ao 27 de xuño de 2024
Intelixencia artificial e praxe creadora	30	1	50,00€	17	25	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Do 17 ao 24 de xullo de 2024
Xadrez, un recurso educativo	20	0	80,00€	14	20	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Do 26 ao 30 de xullo de 2024

PREZOS DE MATRÍCULA:

- * O prezo que aparece no cadro é para o público en xeral.
- * Colectivos dos grupos A e B: redución do 35 % sobre o prezo da matrícula.
- * Colectivo do grupo C: redución do 20 % sobre o prezo da matrícula

Para consultar a qué colectivo pertence, a efectos de descontos en actividades de extensión universitaria prema no seguinte enlace [Colectivos Universidade de Vigo](#)
Ao remate do curso entregarase un diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas).

CSV : GEN-ea29-25ae-4388-f1f1-2010-5817-e03b-72d5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : EVA MARIA LANTARON CAEIRO | FECHA : 08/05/2024 11:30 | Sin acción específica

